



Guía Docente

Datos Identificativos				
			2023/24	
Asignatura (*)	Historia da Cultura e do Pensamento Europeos	Código	710521001	
Titulación	Mestrado Universitario en Estudos Avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Profesorado	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Percorrido sintético pola evolución histórica da civilización europea, outorgando particular relevancia ó papel nela do pensamento filosófico			

Competencias do título

Código	Competencias do título
A1	CE1 ? Estar capacitado para investigar en temas de patrimonio cultural e bibliográfico documental
A8	CE8 ? Estar capacitado para a posta en valor e a difusión do patrimonio culturale bibliográfico documental
A9	CE9 ? Ter capacidade como xestor cultural e patrimonial
A15	CE15 ? Ter capacidade para catalogar e organizar coleccións patrimoniais
B2	CB7 ? Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos nunha base ou oportunidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B5	CB10 ? Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que haberá de se en gran medida autodirixido ou autónomo
B7	CG2 ? Dominar a expresión e a comprensión de xeito oral ou escrita dun idioma estranxeiro
B10	CG6 ? Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información disponible para resolver os problemas cos que deben de enfrontarse
B11	CG7 ? Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da súa vida
C1	CT1 ? Capacidade de análise e síntese
C2	CT2 ? Capacidade de resolución de problemas
C3	CT3 ? Habilidades para localizar e analizar información de fontes diversas
C9	CT10 ? Incorporas as TIC no proceso de investigación e a xestión da información, no análise de datos e a difusión e comunicación de resultados

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título
---------------------------	------------------------



Recoñecer os principais elementos históricos que conformaron a civilización europea	AP1	BP2	CP1
	AP8	BP5	CP2
Concienciarse da necesidade de preservar o patrimonio cultural europeo	AP9	BP7	CP3
	AP15	BP10	CP9
Establecer un diálogo crítico coa nosa tradición cultural		BP11	
Tomar conciencia da ambivalencia da cultura moderna, polos seus logros (p. e., a emancipación da muller) e os seus desafíos non resoltos (p. e., o problema ecolóxico)			
Familiarizarse con algunhas das obras emblemáticas da cultura occidental			

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O mundo clásico: Aristóteles	O descubrimento da teoría A polis en Grecia
2. O Medievo: Agustín de Hipona	Novidades introducidas polo cristianismo O cultivo da interioridade
3. O Renacemento: Montaigne	O Renacimiento: naturalismo e humanismo Michel de Montaigne
4. A Ilustración: Voltaire	O movemento ilustrado: unha razón crítica Voltaire
5. O mundo contemporáneo: de Beauvoir e Jonas	Precedentes da crise contemporánea: romanticismo e irracionalismo Simone de Beauvoir: a emancipación da muller Hans Jonas: o problema ecolóxico

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A1 A8 A9 A15 B2 B5 C1 C2 C3 C9	9	14	23
Lecturas	A1 A8 A9 A15 B2 B5 B7 B11 C1 C3 C9	1	11	12
Sesión maxistral	A1 A8 A9 A15 B2 B5 B7 B11 C9	9	5	14
Proba mixta	A1 A8 A9 B2 B7 B10 C1 C2 C3	2	18	20
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Seminario	<p>O traballo de seminario constitúe, xunto ás sesións maxistras, o elemento central da actividade no aula. Aborda o estudo dos núcleos temáticos dos contidos mediante a análise, posta en común, discusión e interpretación de textos (artículos ou capítulos de libros) propostos a alumnas/os.</p> <p>A actividade do seminario supón unha dobre tarefa, a realizar fóra do aula, por parte do alumnado. Por un lado, a lectura previa dos textos. Por outro, o comentario de fragmentos extraídos dos mesmos; dito comentario se realizará, polo tanto, con posterioridade á sesión de seminario. Dos fragmentos propostos ó longo do cuadrimestre, o alumnado deberá entregar dous.</p>
Lecturas	<p>Propoñeranse varios textos de lectura posible. Deles, o alumnado, a título individual, deberá seleccionar un. No aula ofreceranse orientacións de carácter xeral, pero a lectura do texto (libro ou parte de libro) será tarefa do alumnado fóra do aula. Deberá asimilarse o contido do texto, poñéndoo en relación coa temática xeral da materia, e elaborar un xuízo crítico sobre o mesmo.</p> <p>A avaliación da lectura poderá realizarse ou ben mediante unha proba escrita ou ben mediante a elaboración dun traballo escrito que o alumnado entregará ó docente.</p>
Sesión maxistral	<p>Consistirá na exposición oral do profesor, co apoio de medios audiovisuais, co obxectivo de introducir nos núcleos históricos e conceptuais das unidades temáticas abordadas, establecendo ó mesmo tempo as pautas esenciais para a lectura dos textos que serán obxecto de análise e discusión nas sesións de seminario.</p>
Proba mixta	<p>Realizarase segundo data e hora previstas no calendario oficial de exames.</p> <p>Constará do comentario dun fragmento extraído dos textos obxecto de lectura/discusión nas sesións de seminario e dunha cuestión teórica sobre os contidos abordados no aula, tanto nas sesións maxistras coma nos seminarios</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario Lecturas	<p>As dúbidas ou consultas que poida realizar o alumnado resolveranse mediante correo electrónico ou asistencia a titorías.</p> <p>Admítese a dispensa académica. No caso de atoparse alumnas o alumnos nesta situación, establecerase dun xeito persoalizado a orientación da súa aprendizaxe na materia mediante unha porcentaxe mínima de asistencia á aula e/ou asistencia a titoría. En calquera caso, os criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto do alumnado.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A8 A9 B2 B7 B10 C1 C2 C3	<p>A proba mixta constará dun fragmento a comentar (extraído dos textos analizados nas sesións de seminario), cuxa cualificación máxima será de 2 pts., e dunha cuestión teórica a desenvolver (referida ós contidos abordados tanto nas sesións maxistras coma nas de seminario), cuxa cualificación máxima será tamén de 2 pts.</p> <p>Valorarase, no comentario, a análise conceptual do fragmento, a reconstrución da súa estrutura discursiva e a contextualización nun marco máis amplo (autor; corrente; época; problemática); asimismo, a claridad expresiva e a precisión no uso dos conceptos.</p> <p>Respecto a la cuestión teórica, serán objeto de valoración: la cantidad y calidad de la información recogida en la respuesta; el enfoque global de la misma; el rigor conceptual y discursivo de la exposición; la claridad expresiva.</p>	50



Seminario	A1 A8 A9 A15 B2 B5 C1 C2 C3 C9	A cualificación do traballo de seminario, que inclúe a lectura previa polo alumnado dos textos e a elaboración de 2 comentarios (sobre o total dos propostos, un por cada unidade temática), farase do xeito seguinte: dous tercios corresponderán á cualificación dos comentarios, cunha puntuación total máxima de 2 ptos. (1 pto. por cada un dos 2 comentarios) e o tercio restante valorará a asistencia e participación no aula (1 pto. de cualificación máxima).	30
Lecturas	A1 A8 A9 A15 B2 B5 B7 B11 C1 C3 C9	A cualificación do texto de lectura poderá facerse de dúas maneiras: ou ben mediante unha breve proba escrita, que constará dun breve fragmento extraído do texto correspondente e unha cuestión de alcance xeral sobre o mesmo, ou ben mediante un traballo escrito que ofrezca unha síntese e valoración do texto. En calquera de ámbolos dous casos, a cualificación máxima será de 2 ptos. Valorarase o nivel de comprensión e síntese do texto leído, a conexión establecida entre o seu contido e o conxunto da materia, así como a claridade expresiva e conceptual, e a argumentación da valoración personal.	20

Observacións avaliación

Esquema do reparto da cualificación do alumnado (sobre unha cualificación máxima de 10 ptos.):

a) PROBA MIXTA.- 5 ptos. de cualificación

máxima, dos que corresponderán 2.5 ó comentario e outros 2.5 á resposta á cuestión teórica.

b) SEMINARIO.- 3 ptos. de cualificación

máxima, dos que corresponderán 2 ptos. ós 2 comentarios entregados (1 pto. por comentario) e 1 pto. á valoración da asistencia e participación nas actividades do aula

c) LECTURA.- 2 ptos. de cualificación

máxima. Esa cualificación poderá resultar da valoración da proba escrita ou da do traballo escrito.

Na Segunda Oportunidad, mantéñense os criterios anteriores.

Admítese a dispensa académica. No caso de

atoparse alumnas o alumnos nesta situación, establecerase dun xeito

persoalizado a orientación da súa aprendizaxe na materia mediante unha

porcentaxe mínima de asistencia á aula e/ou asistencia a titoría. En calquer caso, os criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto do alumnado.

Farase un seguimento para evitar na entrega de traballos escritos

calquer clase de fraude académico.

No caso de falta grave por parte do alumno, aplicarase o contemplado no ?Regulamento disciplinar do alumnado da UDC?, artigo 11, apartado 4 b.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Snell, Bruno (2007). El descubrimiento del espíritu: estudios sobre la génesis del pensamiento europeo en los griegos. Barcelona: Acantilado - De Crescenzo, Luciano (1997). Historia de la filosofía griega (2 vols.). Barcelona: Seix Barral - Gilson, Étienne (2014). La filosofía en la Edad Media. Madrid: Gredos - De Libera, Alain (2000). Pensar en la Edad Media. Rubí (Barcelona): Anthropos - Garin, Eugenio (1984). La revolución cultural del Renacimiento. Barcelona: Crítica - Kristeller, Paul Oskar (1993). El pensamiento renacentista y sus fuentes. Madrid: F.C.E. - Cassirer, Ernst (2013). Filosofía de la Ilustración. México: F.C.E. - Hazard, Paul (1991). El pensamiento europeo en el siglo XVIII. Madrid: Alianza - Cruz, Manuel (2002). Filosofía contemporánea. Madrid: Taurus
Bibliografía complementaria	<p>WEBGRAFÍA- - Exposición Mediterráneo (Obra Social La Caixa)</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=RSdQZyaw7Nk - Roma, un imperio sin límites. Serie documental de Mary Beard o Capítulo 1: https://www.youtube.com/watch?v=XtjqriWGb8U o Capítulo 2: https://www.youtube.com/watch?v=aymdGLwAvOE o Capítulo 3: https://www.youtube.com/watch?v=sNTRYHXKzEM o Capítulo 4: https://www.youtube.com/watch?v=k3T7EbChmS8 · Miniserie documental sobre una saga familiar que ejemplifica el mecenazgo artístico y el ascenso a la cumbre social: Los Medici: Padrinos del Renacimiento. o https://www.youtube.com/watch?v=X-M76ZiokiQ o https://www.youtube.com/watch?v=OWG_ZSveVbg o https://www.youtube.com/watch?v=UiorSyoC4po o https://www.youtube.com/watch?v=6TBYtYkA6q4 · Documentales sobre el Barroco, producidos por la BBC en 3 capítulos y presentados por Waldemar Januszczak o http://www.documaniatv.com/arte-y-cine/el-barroco-1-italia-video_adbecece3.html o http://www.documaniatv.com/arte-y-cine/el-barroco-2-espana-y-los-paises-bajos-video_dc53cd77d.html o http://www.documaniatv.com/arte-y-cine/el-barroco-3-inglaterra-video_26f9e0dc4.html · Documental : Héroes de la Ilustración o https://www.youtube.com/watch?v=n5fBoACjdCA o https://www.youtube.com/watch?v=Zo-NtVgWrsE · Conversaciones de expertos sobre ¿cuestiones palpitantes? dentro del programa cultural de la Fundación Juan March o https://www.march.es/formats/1002/</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías